



O SECTOR SECUNDARIO

As materias primas ou produtos naturais son aquelas materias extraídas da natureza que se transforman para obter produtos elaborados.

Segundo a maneira en que se realiza este traballo, a transformación pode ser: artesanal ou industrial.

O TRABALLO ARTESANAL

A **artesanía** consiste en elaborar obxectos de forma manual, utilizando sinxelas máquinas ou ferramentas.

Realízase nos **obradoiros** ou **talleres**, e as persoas que o levan a cabo chámanse **artesáns**. Elaboran o produto un a un e cada peza é única e diferente.

Exemplos de artesáns: carpinteiros, xoieiros, xastres e modistas, ...

A INDUSTRIA

O traballo industrial é o que se realiza nas **fábricas**. Os traballadores transforman as materias primas en produtos elaborados coa axuda de **máquinas** (que permiten elaborar enormes cantidades dun mesmo produto).

Tipos de industrias:

- **Industria téxtil**: a partir de fibras fábrícanse fíos, tecidos e roupa.
- **Industria química**: elabóranse pinturas, produtos de limpeza, medicamentos...
- **Industria alimentaria**: elabóranse queixos, leite, aceite, conservas...
- **Industria electrónica**: fabrica televisores, teléfonos, ordenadores...
- **Industria automobilística**: fabrica coches, motos, furgonetas...

1. Selecciona os oficios artesáns.

Tecelá de encaixes de bolillos

Condutor/a de autobús

Modista

Xoieiro/a

Carpinteiro/a

Xastre

Mestre/a

Guía turístico

2. Di se as seguintes frases sobre a industria son verdadeiras (V) ou falsas (F):

O traballo industrial é o que se realiza nas fábricas.

As máquinas permiten elaborar pequenas cantidades dun produto.

As persoas que levan a cabo o traballo artesanal chámanse industrias.

Na industria química elabóranse pinturas, produtos de limpeza ou medicamentos.

Na industria alimentaria elabóranse e envásanse queixos, leite, aceite, conservas, etc.

A industria automobilística fabrica televisores, teléfonos, ordenadores, etc.

A industria electrónica fabrica coches, motos, furgonetas...

3. Escribe O (obradoiro) ou F (fábrica):



4. Marca cales destas actividades pertencen ao sector secundario:

artesanía



agricultura



industria



pesca

